

# Capítulo XX :

# **PARTICIPACIÓN e GOBERNO**

---

## **I. LEXISLACIÓN BÁSICA**

---

### **1. MARCO LEGAL**

- Constitución Española.- Artigos 5 e 7. CD-15AA.
- LODE.- Título III (Derogado pola LOPAG). Páx. 427.
- LOXSE.- Artigo 58.1 e 58.2. Páx. 438.
- LOPAG.- Artigos 2, 3 e 4 e o Título II. Páx. 462.
- Capítulo II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (BOE, 27/11/92). Páx. 779.

### **2. LEXISLACIÓN ESPECÍFICA**

#### **2.1. Elección, composición e constitución dos órganos de goberno**

- Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88). Páx. 688.
- Regulamentos orgánicos e o seu desenvolvemento:
  - CEIP.- Artigos 9 ó 52 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Páx. 564.
  - IES.- Decreto 324/1996, do 26 de xullo.- Título II: Artigos 4-52. Páx. 596.
  - CPI.- Artigos 2 ó 12 do anexo do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro de 2000. Páx. 624.
  - Orde do 22 de xullo de 1997. (Infantil e Primaria).- Capítulo VII.1. Páx. ?.
- Orde do 21 de outubro de 1996 pola que se determinan aspectos para a elección dos membros do Consello Escolar nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, e se fixan as súas datas de celebración. (DOG, 22/10/96). Páx. 691.
- Instrucións da Subdirección Xeral da Inspección Educativa, do 7 de novembro de 1996, clarificando determinados aspectos dos regulamentos orgánicos. Páx. 622.

- Circular nº 1/98, do 2 de febreiro, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa pola que se aclaran posibles dúbidas en relación co proceso de elección, composición e constitución dos órganos de goberno dos centros públicos de ensinanza non universitarias. (*Derroga á Circular nº 7, do 28 de abril de 1988*). Páx. 692.

- Circular nº 18/00 da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa pola que se completa a circular número 1/98 pola que se aclaran posibles dúbidas en relación co proceso de elección, composición e constitución dos órganos de goberno dos centros públicos de ensinanza non universitarias. Páx. 694.

- Apartados 7 e 8 das Instrucións da Subdirección Xeral de Inspección Educativa do 11 de maio de 1998 relativas a determinadas situacións académicas dos alumnos das distintas etapas educativas. (*Casística de alumnos do 1º ciclo da ESO na elección de director e número de unidades escolares*). Páx. 658.

- Instrucións do 19 de xuño de 1998 da Subdirección Xeral de Centros e Inspección Educativa respecto á posibilidade de que os representantes dos pais dos alumnos do primeiro ciclo de ESO poidan substituír a estes nas sesións dos Consellos Escolares nas que se vai elixir director do centro. Páx. 695

- Resposta da Subdirección Xeral de Centros e Inspección Educativa do 4 de novembro de 1998 ás consultas formuladas respecto a determinados puntos relativos á elección dos representantes no consello escolar dos centros. Páx. 695.

- Véxase "Lexislación Complementaria" neste Capítulo.

#### **2.2. Órganos de goberno dos centros de características singulares**

- Decreto 101/1988, do 5 de maio, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario de características singulares. (DOG, 18/05/88). *Derogado de feito polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo. CD-20AA.*

- Orde do 29 de outubro de 1996 pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e educación de adultos. (DOG, 04/11/96). Páx. 696.

### 2.3. Respostas a consultas e informes xurídicos

- Resposta da Dirección Xeral de Educación Básica, do 26 de novembro de 1991, ás consultas formuladas á adscripción funcional tanto dos liberados sindicais a tempo total como dos profesores que se atopen, no momento da adscripción, de baixa por enfermidade. Páx. 730.

-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 24 de maio de 1994, sobre aclaración do artigo 24 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Páx. 697.

-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 18 de abril de 1995, en relación co acceso a arquivos e rexistros, e o dereito de obter copias. Páx. 818.

### 2.4. Artigos de revistas especializadas

- O exercicio do "voto de calidade" e a "substitución" da figura do presidente dun órgano Colexiado. (Revista "Escuela Española", do 11/03/93). Páx. 698.

-Resposta a unha consulta efectuada á Revista "Comunidad Escolar", de data 15 de decembro de 1993, sobre o funcionamento do Claustro e Consello Escolar como órganos Colexiados de goberno. Páx. 698.

-Conceptos e tipos de maioría na formación da vontade dos órganos Colexiados. (Revista E. Española, 09/03/00). Páx. 699.

- Resposta dada pola Revista Escuela Española a unha consulta sobre se se poden entregar fotocopias das actas dos órganos Colexiados. (Escuela Española, 17/10/02). Páx. 700.

### 2.5. Órganos goberno dos centros privados

- Orde do 28 de agosto de 1996 pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados. (DOG, 26/09/96). Páx. 106.

## 3. ACREDITACIÓN DE DIRECTORES

- Artigo 19 e disposición transitoria terceira da Lei Orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes. (BOE, 21/11/95). Páx. 462.

- Decreto 176/1996, do 17 de maio, polo que se regula a acreditación para o exercicio da dirección nos centros docentes públicos nos que se imparten ensinanzas non universitarias. (DOG, 21/05/96). Páx. 700.

- Orde do 20 de maio de 1996 pola que se desenvolve a disposición transitoria primeira do Decreto 176/1996, do 17 de maio, polo que se regula a acreditación para o exercicio da dirección nos centros docentes públicos nos que se imparten ensinanzas non universitarias. (DOG, 22/05/96). Páx. 703.

- Orde do 21 de maio de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 176/1996, do 17 de maio, polo que se regula a acreditación para o exercicio da dirección nos centros docentes públicos nos que se imparten ensinanzas non universitarias. (DOG, 22/05/96). Páx. 704.

- Véxase "Lexislación Complementaria" neste Capítulo.

## 4. XUNTAS DE DIRECTORES

### 4.1. Xunta autonómica de directores

- Orde do 11 de novembro de 1999 pola que se crea e regula a Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario. (DOG, 10/12/99). Páx. 707.

- Resolución do 16 de novembro de 1999, conxunta da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario. (DOG, 10/12/99). *Derogada pola R. do 17 de novembro de 2000.*

- Resolución do 17 de novembro de 2000, conxunta da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario. (DOG, 28/11/00). Páx. 708.

### 4.2. Xuntas provinciais de directores

- Orde do 10 de decembro de 1997 pola que se crean e regulan as xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario. (DOG, 18/12/97). Páx. 709.

- Resolución do 4 de febreiro de 1998, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros das xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario. (DOG, 18/02/98). Páx. 710.

- Resolución da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa do 25 de marzo de 1998 pola que se complementa a Resolución do 4 de febreiro de 1998 da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa. Páx. 711.

### 4.3. Datas de eleccións

- Resolución do 20 de novembro de 2000, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establecen as datas de elección dos membros da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario. (DOG, 28/11/00).

- Resolución do 15 de setembro de 1998 pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais dos directores de centros de ensino non universitario. (DOG, 14/10/98).

- Resolución do 25 de setembro de 2002 pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais e autonómica de directores de centros de ensino non universitario. (DOG, 02/10/02). CD-20AB.

## 5. COMPLEMENTO ESPECÍFICO DOS DIRECTORES

- Decreto 120/2002, do 22 de marzo, polo que se regula a consolidación parcial do complemento específico dos directores dos centros escolares públicos. (DOG, 10/04/02). Páx. 711.

- Orde do 12 de abril de 2002 pola que se regula o procedemento de consolidación parcial do complemento específico dos directores dos centros públicos. (DOG, 29/04/02). Páx. 712.

## 6. CONSELLO ESCOLAR DO ESTADO

- LODE: Artigos 30, 32, 33 e disp. trans. primeira. Páx. 427

- Real Decreto 2378/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o Consello Escolar do Estado. (BOE, 27/12/85). Corrección de erros, (BOE, 18/01/86). CD-20AC.

- Orde do 24 de xuño de 1987 pola que se aproba o Regulamento de funcionamento do Consello Escolar do Estado. (BOE, 30/06/87). *Corrección de erros, (BOE, 08/07/87).*

## 7. CONSELLOS ESCOLARES DE GALICIA

- Decreto 95/1983, do 9 de xuño, polo que se determina a composición e funcións do Consello de Educación de Galicia. (DOG, 30/06/83). Corrección de erros e omisións, (DOG, 27/07/83). *Derogado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia.*

-LODE: artigos 34 e 35. Páx. 427.

-Lei 3/1986, de 18 do decembro, de Consellos Escolares de Galicia. (DOG, 26/12/86). CD-20AE.

- Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia e mailos Consellos Escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia. (DOG, 11/03/88). CD-20AF.

- Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia. (DOG, 07/04/92).

- Véxase tamén "Lexislación Complementaria" neste mesmo Capítulo.

## 8. ASOCIACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS

- LODE: Artigo 5. Páx. 427.

- Orde do 16 de xaneiro de 1987, pola que se regulan as Asociacións de Pais de Alumnos. (DOG, 22/01/87). Páx. 713.

- Regulamentos orgánicos e o seu desenvolvemento:

- CEIP: Artigo 105 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Páx. 564.
- IES: Decreto 324/1996, do 26 de xullo.- Artigo 120. Páx. 596.
- CPI: Artigo 105 do anexo do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro de 2000. Páx. 624.
- Orde do 22 de xullo de 1997. (Infantil e Primaria).- Capítulo VII.3. Páx. ?.

- Véxase "Lexislación Complementaria" neste Capítulo.

## 9. ASOCIACIÓNS DE ALUMNOS

- Véxase Capítulo I desta obra. Páx. 21

# II. LEXISLACIÓN COMPLEMENTARIA

## 1. CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS

### 1.1. De membros dos consellos escolares

- Resolución do 16 de setembro de 2002, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria. (DOG, 24/09/02).

- Véxase máis lexislación anterior no CD que se xunta á presente obra. Referencia, CD-20AD.

### 1.2. Centros de nova creación

- Resolución do 11 de setembro de 1997, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións para a primeira constitución do consello escolar en centros de educación non universitaria de nova creación. (DOG, 30/09/97).

- Resolución do 30 de setembro de 1999, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións para a primeira constitución do consello escolar en centros de educación non universitaria de nova creación. (DOG, 21/10/99).

### 1.3. Órganos unipersoais de goberno

- Orde do 29 de abril de 2002 pola que se dictan normas para a elección de órganos unipersoais de goberno nos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 15/05/02).

- Véxase máis lexislación anterior no CD que se xunta á presente obra. Referencia, CD-20AD.

## 2. CONVOCATORIAS ACREDITACIÓN DIRECTORES

- Resolución do 20 de febreiro de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se convoca o procedemento de acreditación para o exercicio da dirección nos centros docentes públicos non universitarios. (DOG, 11/03/02).

- Véxase máis lexislación anterior no CD que se xunta á presente obra. Referencia, CD-20AD.

## 3. LEXISLACIÓN DERROGADA

- Resolución do 26 de xaneiro de 1983, da Dirección Xeral Básica, pola que se regula a constitución dos órganos colexiados de goberno dos centros públicos Preescolares e Colexios de EXB (DOG, 08/02/83).

- Decreto 107/1986, do 10 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 18/04/86).- *C. de erros, (DOG, 28/04/86).*

- Orde do 21 de abril de 1986, pola que se fixa o prazo de constitución da Xunta Electoral para a elección de representantes no Consello Escolar nos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 28/04/86).

- Decreto 136/1986, do 30 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, de características singulares. (DOG, 21/05/86).

- Circular nº 4/90 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 23 de maio, pola que se dictan normas para a elección de órganos unipersoais de goberno nos centros públicos de ensino non universitario.

- Circular nº 7/91 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, do 24 de abril de 1991, pola que se dictan normas para a elección de órganos unipersoais de goberno nos centros públicos de ensino non universitario.

#### 4. CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

##### 4.1. Nomeamentos e cesamentos

- Decreto 251/2002, do 18 de xullo, polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia. (DOG, 08/08/02). *Corrección de erros*, (DOG, 09/08/02).

- Véxase máis lexislación anterior no CD que se xunta á presente obra. Referencia, CD-20AD.

#### 5. ASOCIACIÓNS, FEDERACIÓNS E CONFEDERACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS

##### 5.1. Convocatoria de axudas

- Orde do 10 de setembro de 2002 pola que se convocan axudas para financiar actividades das confederacións e

federacións de pais de alumnos e asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial. (DOG, 23/09/02)

- Véxase máis lexislación anterior no CD que se xunta á presente obra. Referencia, CD-20AD.

##### 5.2. Resolución de convocatorias de axudas

- Orde do 25 de outubro de 1999 pola que se conceden axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial. (DOG, 08/11/99).

- Véxase máis lexislación anterior no CD que se xunta á presente obra. Referencia, CD-20AD.

#### 6. ANTIGO CORPO DE DIRECTORES ESCOLARES

- Véxase o CD que se xunta á presente obra. Referencia, CD-20AD.

### III. TEXTOS LEGAIS

#### Decreto 92/1988 de órganos de goberno

*Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88).*

[Corrección de erros, DOG, 03/05; 24/05, e 15/06/88). Modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril (DOG do 17 de maio) e polo Decreto 324/1996].

De conformidade coas competencias que en materia de educación ten atribuídas a nosa Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 31 do Estatuto de Autonomía o presente Decreto desenvolve o preceptuado no título terceiro da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

O procedemento electoral para a designación dos órganos unipersoais e colexiados dos centros educativos, así como as competencias dos primeiros e a composición e funcións do Consello Escolar e do Claustro de profesores estaba regulada polo Decreto 107/1986, do 10 de abril. A experiencia acadada durante o período de vixencia e as múltiples cuestións que houbo que resolver na aplicación desta normativa, aconsellan proceder á adaptación e modificación do Decreto 107/86 co fin de conseguir unha lexislación máis completa e eficaz no eido da administración educativa.

Tendo en conta que as modificacións que se efectúan afectan a numerosos artigos do Decreto 107/1986, e que resulta máis operativo que esta materia estea regulada nunha soa disposición legal, procédese á derogación do Decreto antes citado, tendo así carácter unitario a nova normativa que agora se dicta.

Na súa virtude, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e a proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteito de abril de mil novecentos oitenta e oito.

#### DISPOÑO:

(Segundo o establecido na disposición derogatoria do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG do 9 de agosto), quedan derogados os artigos desde o 1 ó 28, ámbolos dous incluídos, deste Decreto).

#### Procedemento de elección

Artigo 29.- (*Artigo redactado conforme ó Decreto 279/1990, do 27 de abril; DOG do 17 de maio*). O procedemento de elección dos membros do Consello Escolar dos centros públicos desenvolverase no primeiro trimestre do curso académico que corresponda, e dentro do período lectivo. A data de celebración das eleccións será fixada, con un mes de antelación, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O proceso de elección do director e a designación do equipo directivo deberá quedar cerrado na última semana de xuño do curso académico que corresponda.

Artigo 30.- (*Redactado conforme ó establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos*